



## BOLETÍN INFORMATIVO Nº 34 – DEC 07 - XAN 08

### ENDEREZOS DE OVICA

**Lugo 1:** Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 **Tfno.:** 982 284111 **Fax:** 982 231 203

**Lugo 2:** Pazo de Feiras e Congresos de Lugo - O Palomar s/n - 27004 **Tfno.:** 982 245 142

**Allariz:** Rúa do Portelo, 4 – 32.660 – Ourense **Tfno.:** 988 442 428

**Correo Electrónico:** [ovica@ovica.org](mailto:ovica@ovica.org)

**Páxina web:** [www.ovica.org](http://www.ovica.org)

### AXUDAS Á PREVENCIÓN E DANOS POR LOBO

O 14 de xaneiro saíu a Orde do 31 de decembro de 2007, que regula as axudas para paliar os danos producidos polo lobo no 2008.

O baremo de axudas, lixeiramente superiores ó ano 2007, pero insuficientes aínda, son as seguintes:

	Calidade normal		Calidade selecta	
	2007	2008	2007	2008
Ovino < 12 meses	44 €	48 €	66 €	73 €
Ovino adulto	77 €	85 €	94 €	103 €
Ovino > 6 anos	20 €	22 €	24 €	26 €
Caprino < 12 meses	55 €	61 €	83 €	91 €
Caprino adulto	77 €	85 €	99 €	109 €
Caprino > 6 anos	20 €	22 €	24 €	26 €

Notificación de danos: **900186186** antes de 24 horas!

Tamén saíu o mesmo día a Orde que regula as axudas para a prevención: compra de mastíns (150 €/ud), de pastores eléctricos (100 €/ud), emprego de curros (60 €/explot) e detonadores de propano (150 €) Prazo ata 15 febreiro. Mais información en OVICA!

### ASAMBLEA DA ASDG ACIVO

O pasado mércores día 12 de decembro celebrouse en Allariz a Asamblea Xeral Ordinaria da Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira ASDG ACIVO.

A ASDG enviará unha carta a tódolos seus asociados na que se explicarán os pormenores da Asamblea e os acordos que se tomaron na mesma.

### XD e ASAMBLEA ANUAL DE OVICA

OVICA celebrará a finais de xaneiro unha Xunta Directiva previa á celebración da Asamblea Ordinaria Anual, que é o órgano de goberno, administración, control i expresión da vontade do conxunto da Asociación, na que analizará o traballo realizado ata o momento e se tomarán as decisións de funcionamento futuro. **¡¡É importante a túa asistencia!!**

Entre outros temas a tratar, nesta Asamblea procederáse á renovación da Xunta Directiva, que se realiza cada 2 anos, polo que todos aqueles interesados en formar parte da nova XD, nos seus diferentes cargos, deben comunica-lo a OVICA para confecciona-las diferentes candidaturas. Admitense propostas ata o mesmo día da Asamblea.

Convocarase por correo ordinario a tódolos socios con antelación suficiente.

### MANEXO

#### SINCRONIZACIONES DE CELO PARA A PRIMAVERA

Despois deste outono tan seco os animais baixaron en condición corporal i é necesario que os animais dos lotes a tratar estean nun bo estado de carnes no momento da cubrición para incrementa-los índices de fertilidade e prolificidade.

Contactade cos veterinarios para unha axeitada planificación e programación!

### RAZAS: RASA ARAGONESA



**Orixe:** Autóctona das rexións do val do Ebro, ocupa todo Aragón ata Navarra, Valencia e Cataluña, sendo a mais numerosa despois da Merina.

**Características:** Raza moi rústica e adaptada ó medio (zonas áridas)  
Pesos: 65-85 kg (M) 40-50 kg (F)

**Prolificidade:** 120%

**Fertilidade:** 75-80%

**Producción:** aptitude cárnica.

O produto estrela é o "Ternasco de Aragón": 25-28 kg-vivo (rto do 52%)

**Leite:** 150 kg en 150 días de lactación

**Lá:** 3-4 kg, de vellón entrefino

**+ Información:** Asociación Nacional de Criadores de Ganado Ovino Selecto de Raza Rasa Aragonesa.

**Tfno.:** 976 694491 (Zuera - Zaragoza)



# CAIXA RURAL GALEGA

## COMPRA – VENTA

- Véndense 45 ovellas con dereitos de prima en Paderne de Allariz. Tfno.: Agnes 646 850 382
- Cómpranse 70 ovellas con urxencia!! (Riós - Ourense) Tfno.: 699515051 Rosario
- Vendese rabaño dunhas 100 cabezas e dereitos (Baltar – Ourense) Contacto: 988 466 710
- Véndese rabaño de 300 cabezas e dereitos (Xinzo de Limia- Ourense) tfno. 652 619 913
- Véndense 80 ovellas con 80 dereitos. O Páramo (Lugo) tfno. contacto 982 54 34 54
- Véndese explotación de ovino/caprino, zona de Valdeorras, 350-400 cabras, nave 1.200 m<sup>2</sup>, maquinaria, oficina, enfermería, 58 Has de terreo. Tfno.: 988 335701
- Véndese rabaño de 17-18 ovellas e macho + 18 dereitos (Amoeiro.Ourense)Tfno.:988240304 - 616429185.
- Véndese rabaño de 287 dereitos e 240 ovellas en Sarria. Tfno.: 615 666 533 – 982 530 367
- Véndense cachorros de raza Border collie, de traballo, en Xemade. tfno.: Vicente 609 864 738
- Véndense cachorros de mastín, de 3 meses. Información: Santiago 610353983 (Abegondo)
- Ofrecese traballador para explotacións. Contacto: 609 005 921 (Miguel)
- Cédense ata 300 dereitos. Pilar (Maceda - Ourense) Tfno.: 649882625
- Transfírense 22 dereitos de prima. Información: Esperanza 982 177906 (Xermade)

## PREMIOS A SOCIOS DE OVICA

“Premio ás actividades produtivas no medio rural pola súa contribución á conservación, recuperación e posta en valor do territorio histórico do Camiño de Santiago Francés” da Consellaría de Cultura e Deporte, que premiou cunha mención especial e un premio en metálico á explotación ecolóxica agrícola e gandeira e de turismo rural Casa Caxiguiero de M<sup>a</sup> Teresa Chousa Losada, situada en Sarria. A proposta foi presentada por OVICA, e premiouse a súa labor a prol da promoción e mantemento do pastoreo tradicional e rotacional, a aposta pola gandería e agricultura ecolóxicas, así como a súa dedicación á crianza das razas autóctonas para evita-la súa extinción. E en canto á actividade de turismo rural, subliñouse a importancia de que a casa estea situada a escasos metros do Camiño Francés ofrecendo os seu servizos aos peregrinos.

Premios AGADER 2007: “Cabras do Xures” recibiu un premio especial dirixido a proxectos realizados por mozos e mozas, recoñecendo a importancia da innovación na contribución á conservación e dinamización do contorno rural, a través da recuperación de antigos costumes e tradicións, e pola súa contribución á mellora do medio ambiente e ao desenvolvemento facendo un aproveitamento sostíbel do parque natural Baixa Limia - Serra do Xurés

## CABRA GALEGA

Técnicos de OVICA estiveron presentes nunha reunión no Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia para tratar o estándar racial da Cabra Galega e a creación e posta en marcha dunha Asociación que xestione o Libro Xenealóxico da raza.

Tamén se realizou unha visita a unha explotación na que presumiblemente existen algúns animais que encaixan nese prototipo racial, como o da fotografía.



*Cabra galega con cabritos*

## XORNADA DE CAPRINO DE LEITE

Cada vez son mais os rebaños dedicados á produción de leite no noso país, tanto de ovella como de cabra, coa conseguinte demanda de asesoramento técnico especializado.

OVICA organizou en Novembro unha Xornada de ovino de leite en Silleda e estamos a organizar unha Xornada Técnica de Caprino de Leite, que se celebrará proximamente. Mais información en OVICA

## CHALECOS DE OVICA - COVIGA

Se aínda nos tes o chaleco e estas interesado, podes conseguilo chamando a OVICA. Hai dispoñibles varias tallas. (Prezo: 23 €)



**ADSEG ACIVO**  
Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira  
de ovino e caprino de Galicia

**COVIGA**  
evolución na calidade